



Resolución do 16 de xullo de 2025, do Servizo Provincial da Coruña, pola que se sinala a data para o levantamento das actas previas á ocupación e para a formalización das actas de ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado de conversión en autovía do corredor CG-1.5 Brión-Noia, de clave AC/17/182.01, nos concellos de Brión e Rois.

O artigo 28 do vixente Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu punto 2 a competencia da Comunidade Autónoma galega no desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación do estado en materia de expropiación forzosa.

O 24 de febreiro de 2025 a Xunta de Galicia aprobou o proxecto de trazado de conversión en autovía do corredor CG-1.5 Brión-Noia, treito I punto quilométrico 11+640-21+000, de clave AC/17/182.01, nos concellos de Brión e Rois, publicado no Diario Oficial de Galicia de data 5 de marzo de 2025 (DOG núm. 44).

A aprobación definitiva do proxecto de trazado implica a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para reposición de servizos afectados, previstos no proxecto, así como para a implantación do proxecto e as modificacións deste que, se é o caso, puidesen aprobarse posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes, segundo o disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.

A tramitación do expediente expropiatorio debe axustarse ao disposto nos artigos 52 da vixente Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954, e 56 e seguintes do seu Regulamento de 26 de abril de 1957.

En consecuencia, este servizo, en virtude da competencia delegada mediante Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería, publicada no DOG nº 179 de 20 de setembro de 2017, resolveu convocar aos titulares de bens e dereitos afectados que figuran na relación exposta no taboleiro de anuncios dos concellos de Brión e Rois, para que comparezan no lugar, data e horas que se detallan a continuación, co fin de proceder ao levantamento das actas previas á ocupación nas que se recollerán os datos necesarios para determinar os dereitos afectados, o valor destes e os prexuízos determinantes da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladaren ao lugar dos predios se o consideran necesario.

Termo municipal de Brión

Lugar: centro social polivalente de Brión

Data: 26 de agosto de 2025, ás 10:00 horas.

Termo municipal de Rois

Lugar: salón de plenos do Concello de Rois

Data: 26 de agosto de 2025, das 11:00 ás 11:30 horas.

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como o plano parcelario correspondente estarán expostos nos concellos de Brión e Rois e no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña (r/ Vicente Ferrer nº 2, 8º andar, 15.071 A Coruña), e publicarse no seguinte enlace da páxina web da consellería:

https://vivendaeinfraestruturas.xunta.gal/avisos?content=aviso_0371.xml

Así mesmo, realizarase a convocatoria aos interesados ao levantamento das actas previas mediante notificación individual.

A dito acto deberán acudir os titulares afectados persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, xuntando os documentos acreditativos da súa titularidade, documento nacional de identidade (e, no seu caso outra documentación que se requira, xustificante do pago do IBI...), así como certificado de conta con códigos IBAN e BIC, a fin de proceder aos sucesivos pagamentos que sexan procedentes

SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

Rúa de Vicente Ferrer 2, 8º andar 15071 A Coruña

981 182 475 - 981 184 873 - 881 881 314

<https://sede.xunta.gal/portada>





mediante transferencia bancaria, podendo facerse acompañar a súa custa, se o estiman oportuno, dos seus peritos e notarios.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento de expropiación forzosa de 26 de abril de 1957, este servizo, unha vez levantadas as actas previas á ocupación, e habilitado o crédito oportuno, procederá ao pago, mediante transferencia bancaria, do importe dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación. No suposto de non ter presentado o certificado de titularidade da conta bancaria, con códigos IBAN e BIC, e a copia do D.N.I., consignarase o importe na Caixa Xeral de Depósitos conforme o disposto no artigo 51 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957.

En cumprimento do artigo 55 do Regulamento de expropiación forzosa do 26 de abril de 1957, neste mesmo acto, convócase ao acto de formalización das actas de ocupación o cal terá lugar, logo de producirse o aboamento dos depósitos previos e indemnizacións por rápida ocupación, no lugar e data que se indican:

Termo municipal de Brión

Lugar: centro social polivalente de Brión

Data: 27 de outubro de 2025, ás 10:00 horas.

Termo municipal de Rois

Lugar: salón de plenos do Concello de Rois

Data: 27 de outubro de 2025, das 11:00 ás 11:15 horas.

No mesmo acto ofertaranse aos propietarios as valoracións establecidas pola Administración para cada unha das fincas en concepto de mutuo acordo.

O presente acordo faise público, para xeral coñecemento, advertindo aos titulares que na acta figurarán os donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, e non se admitirá representación senón por medio de poder debidamente autorizado (notarial, xudicial ou do consulado), xa sexa xeral ou particular para este caso, debendo achegar a documentación necesaria para acreditar a sucesión en caso de figurar o terreo a nome de herdeiros; e que deberá identificarse co Documento Nacional de Identidade.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

O Xefe do Servizo Provincial da Coruña

Felipe de la Vega Gándaras.

